



Fachada da sede da Real Academia Española.

Desde os gobernos, en moitas actividades da vida cómpre establecer convencións para que os seus participantes ou usuarios coñezan como moverse nelas. E se isto o entendemos moi ben para conducir vehículos, máis aínda para escribir e ler unha lingua. Máis aínda cando os falantes de calquera delas nunca son homoxéneos canto á súa fonética. Non atendamos supostos purismos de onde se fala mellor (poñamos por caso, esa sona que se outorgan os vallisoletanos verbo do seu castelán que, porén, executan con leísmo, laísmo e sen saber pronunciar a consonante oclusiva sonora (d) en posición final, que fan como fricativa dental xorda (z). Polo contrario, consideremos que calquera realización lingüística, se é coherente no seu conxunto, será perfectamente válida aínda que se afaste do estándar ou da maioría.

As linguas non oficiais pasaron tempo sen atinxir unha norma

Así pois, liberdade á hora de falar como faga cadaquén en función da súa bisbarra, pero obediencia cega á hora de escribir unha lingua. Obediencia que cómpre seguir malia que saibamos que non deixa de ser unha medida de poder. Porque non temos que esquecer que, entre nós polo menos, a imposición dunha determinado ortografía foi vinculada durante séculos á imposición da lingua do poder, en detrimento aberto da lingua propia do país. E para esa empresa, Filipe V aprobou xa en 1714 unha ferramenta coercitiva, a Real Academia Española (inspirada na Académie Française que fundara o cardeal Richelieu en 1635). Se o gramático Nebrija a lingua castelá era compañeira do imperio, para o primeiro rei Borbón a Academia era o brazo lingüístico da unificación que os decretos de Nova Planta impuñan.

As linguas que sempre



Sesión plenaria da Real Academia Galega. No recadro: Pompeu Fabra (1868-1948).

Coa fundación do Institut d'Estudis Catalans en 1907 (co impulso de Prat de la Riba) deuse pulo a un intento científico para establecer unhas normas ortográficas. Se ben foron diversos os participantes –entre eles, quen daquela presidía o IEC e a súa sección filolóxica, o crego mallorquín Antoni María Alcover– quen soubo impoñer un criterio modernizador e científico foi o enxeñeiro transmutado en filólogo Pompeu Fabra, en sintonía coa nova corrente do Noucentisme.

Tarefa súa foi saber establecer unha grafía para o ele xeminado en convivencia co son lateral palatal ("ll"): postos a innovar, Fabra preferiu inventar un signo para o primeiro e conservar o do segun-

O resultado non acadou a unanimidade e aínda houbo intentos conservadores por parte de persoas de prestixio como Guimerà ou Carreras Candi ou os rexidores dos Xogos Florais.

O pulo definitivo chegou coa Segunda República, cando en Valencia tamén adoptaron as normas ortográficas e gramaticais adaptadas ao seu xeito de falar. Un sistema que resultou válido para todo o dominio lingüístico malia a prohibición decretada polo franquismo

100 anos da norma do catalán

do, máis abundante na lingua catalá. Por esa razón, a representación "ll" é peculiar. Tamén tivo que ser moi coidadoso á hora de establecer como escribir as fricativas.

tiveron a condición de oficial ou de oficiosa, de calquera xeito de lingua do poder, foron conformando un código de seu a partir

da práctica literaria, científica e política (administrativa, xurídica). Malia que, en xeral, os modelos lingüísticos son un estándar,

houbo procesos de hexemonización dun dialecto (caso do toscano verbo do italiano, inglés de Londres, francés da Île de France,

castelán, catalán, portugueses padrón de Lisboa) mentres que noutros casos o estándar como tal non existía (alemán, éuscaro).

Xeira de ortografías

Entre o acordo e a imposición

JOAQUIM VENTURA

Isto sen esquecer a resistencia das metrópoles fronte ás antigas colonias (caso do Brasil).

Calquera diverxencia da norma, mesmo fonética, por parte dos propios falantes –non digamos xa dos alleos–, era considerada digna de castigo. Por iso as linguas non oficiais estiveron moito tempo sen atar a unha norma, circunstancia que tamén axudou á súa degradación á maneira que os franceses consideraban aos diversos patois.

Pero no momento de poñerse a establecer un código gráfico, as linguas que non tiveran a tradición escrita tiñan unha dificultade engadida. Primeiro era preciso establecer a convención fonética; é dicir, analizar e fixar os sons propios, e xa a partir de aí, presentalos con signos, as letras, que non sempre tiñan que coincidir cos códigos lingüísticos emparentados, veciños ou non. Nesa tesitura case sempre se de-

ron dúas tendencias: unha de xeitos arcaizantes e outra innovadora.

Nese senso, resulta especialmente ilustrativo o caso do catalán, cuxo uso público aumentou desde os anos da Renaixença, na metade do XIX, especialmente en prensa. O mesmo sucedeu con outras linguas europeas non oficiais, como o galego, o provenzal, o bretón ou o éuscaro. A pesar de que algunhas delas tiveran unha rica tradición literaria na Idade Media, non sempre a grafía daquela tempo era útil nos tempos modernos. Por iso, no proceso do normativización sempre houbo unha tendencia a diferenciar da lingua oficial, allea ao país (cousa que non sucedeu, de certo, no caso galego).